



Confederación Intersindical Galega
Sección Sindical CIG Telefónica

SOBRAN RAZÓN S PARA PARAR

O paro indefinido convocado pola CIG xunto con outros sindicatos ten un obxectivo claro: **SOLICITAR A RETIRADA DOS DESPEDIMENTOS E SANCIÓN S A 9 DELEGADOS DO COMITÉ DE MADRID**. A CIG, como sindicato de clase, entende que ten a obriga de defender aos traballadores e polo tanto nesta situación a nosa postura é evidente: **Poñerse do lado dos traballadores e en contra das sanción s inxustas**.

Non estamos convocando o paro para apoiar a este ou aquel sindicato, estamos apoiando a uns traballadores, e ademais delegados, contra un abuso claro da empresa co aval de CCOO e UGT (sindicatos de clase ?)

Dende a CIG queremos pedirvos o apoio a este paro porque sobran as razón s para parar:

- Os despedimentos e sanción s son totalmente inxustos e así llo debemos facer ver á empresa.
- A sanción máxima que se lle pode impoñer a un traballador e o despedimento, e se non nos mobilizamos ante esto, que nos queda...
- Se ante esta agresión a empresa non ten unha resposta contundente do cadro de persoal, crearemos un precedente moi perigoso para nós como traballadores.
- O apoio é dos traballadores aos traballadores, debemos reforzar a nosa conciencia colectiva botando man da solidariedade.
- O paro dunha hora ten un custo económico asumible para o traballador.

POR ESTES E OUTROS MOTIVOS DENDE A CIG VOS PEDIMOS

O VINDEIRO XOVES 4 DE SETEMBRO MOBILÍZATE !!!

CIG Telefónica, 2 de setembro de 2008